

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE PEÓN-TRACTORISTA DO 12/08/2020 AO 30/09/2020

Por Resolución da alcaldía núm. 286/2020, do 26.03.2020, acordouse nomear a José Rivas Fernández como funcionario interino grupo: agrupación sen titulación; escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: persoal de oficios; denominación: peón-tractorista, na modalidade de exceso ou acumulación de tarefas mentres que perdure o estado de alarma decretado e as súas posibles prórrogas, prorrogable ata 60 días máis, en función das necesidades organizativas derivadas da evolución da situación de emerxencia.

No DOG. Núm. 115-Bis, do 13.06.2020, publicouse o Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia 90/2020, do 13 de xuño, polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

En virtude do dito Decreto acordouse por Resolución da alcaldía 487/2020 do 15 de xuño:

G-0
093
150
P-
F:
C.T.

“PRIMEIRO.- Prorrogar o nomeamento José Rivas Fernández, como funcionario interino grupo: agrupación sen titulación; escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: persoal de oficios; denominación: peón-tractorista, na modalidade de exceso ou acumulación de tarefas, efectuado mediante a Resolución da alcaldía núm. 286/2020, como máximo ata 60 días máis, salvo que se produza antes a aprobación da lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de peón/a tractorista que se está tramitando, en cuxo caso, cesaría o día inmediatamente anterior á toma de posesión dun/ha funcionario/a recollido/a nela.”

O 04.06.20 mediante Resolución da alcaldía núm. 458/2018 aprobáronse as bases e convocatoria para a os procesos de selección para a creación de dúas listas de aspirantes a funcionario/a interino/a de prazas de chófer condutor/a e peón/a tractorista.

O 10.06.2020 publicáronse as ditas bases e a convocatoria no BOP da Coruña núm. 84.

Por Resolución da alcaldía 625/2020 do 13 de xullo acordouse aprobar a nova lista de aspirantes a peón-tractorista, sendo o único integrante desta José Rivas Fernández.

De conformidade coa resolución de prórroga do seu nomeamento 487/2020, o Sr. Rivas Fernández tería que ter cesado os seus servizos o día 12.07.2020, sen que este se teña producido.

Consta informe do Responsable da Unidade de Vías e Obras do 11.08.2020 no que di:

“José Manuel Faraldo Purriños, Encargado da Unidade de Vías e Obras,

INFORMA:

O peón tractorista José Rivas Fernández vén prestando servizos en réxime de acumulación de tarefas dende o 01.04.2020.

Dende a citada data as labores a realizar polo citado peón non se atopan finalizadas, considerando preciso que continúe a prestar os seus servizos por acumulación de tarefas ata finais de setembro debido a que durante o período estival faise preciso especialmente o mantemento camiños e vías municipais polo perigo de incendio e seguridade viaria.

Fene, a 11 de agosto de 2020

O funcionario

Fdo: José Manuel Faraldo Purriños”

Con data 11.08.2020 contactouse co interesado, manifestando a súa dispoñibilidade.

O artigo 23 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia dispón:

“1. Tienen la condición de personal funcionario interino las personas que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombradas en tal condición para el desempeño de funciones propias del personal funcionario de carrera.

2. Para que pueda procederse al nombramiento de personal funcionario interino tiene que concurrir alguna de las siguientes circunstancias:

a) La existencia de puestos vacantes, con dotación presupuestaria, cuando no sea posible su cobertura por personal funcionario de carrera. Los puestos vacantes desempeñados por personal funcionario interino deben incluirse en la oferta de empleo correspondiente al ejercicio en el que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización o, en el caso del personal docente, que la planificación educativa lo impida.

b) La sustitución transitoria de las personas titulares de los puestos. En los casos de reducción de jornada, jubilación parcial o permisos a tiempo parcial podrá nombrarse personal funcionario interino para cubrir la parte de la jornada de trabajo que no realice la persona titular del puesto.

c) La ejecución de programas de carácter temporal y de duración determinada que no respondan a necesidades permanentes de la Administración. El plazo máximo de duración de la interinidad se hará constar expresamente en el nombramiento y no podrá ser superior a tres años, ampliables hasta doce meses más si lo justificara la duración del correspondiente programa.

d) El exceso o acumulación de tareas, de carácter excepcional y circunstancial, por un plazo máximo de seis meses dentro de un período de doce meses.

Los nombramientos de personal funcionario interino por la circunstancia prevista en esta letra no pueden superar en ningún caso el veinte por ciento del total del personal funcionario del centro directivo, ni el tres por ciento del personal funcionario de la Administración de que se trate. A estos efectos, en el ámbito de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de las entidades públicas instrumentales del sector público autonómico se entiende por centro directivo cada una de las secretarías generales, direcciones generales, secretarías generales técnicas y entidades públicas instrumentales del sector público autonómico.

(...)”.

En relación con isto, hai que ter en conta as limitacións que en materia de persoal veñen recollendo as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado desde 2010. Neste senso, o artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 4 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados nos anos 2019 e 2020 en tanto non se aprobo unha nova Lei, establece:

“Dous. Non se poderá contratar persoal temporal, así como nomear persoal estatutario temporal e funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Logo de ver todo o anterior, a existencia de crédito constatada pola intervención accidental e de conformidade coa normativa vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como funcionario interino dunha praza do grupo: agrupación sen titulación; escala: administración especial; subescala: servizos especiais; clase: persoal de oficios; denominación: peón-tractorista, na modalidade de exceso ou acumulación de tarefas, durante o período do 12 de agosto ata o 30 de setembro de 2020 a José Rivas Fernández

Segundo.- Requerir a José Rivas Fernández que tome posesión con efectos do 12.08.2020.

Recentemente estivo traballando como funcionario interino neste Concello, achegando certificado médico e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público, polo que unicamente terá que presentar, antes de tomar posesión, declaración responsable de que mantén as condicións e os requisitos esixidos para desempeñar as funcións de peón tractorista.

No caso de que no prazo sinalado non proceda á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, quedando sen efectos o nomeamento efectuado.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao interesado, comunicándolle que pon fin á vía administrativa e poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se entenda desestimado por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

C-0
096
150
P-
F-
C1

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de intervención e de persoal, así como á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa, aos efectos oportunos.

Quinto.-Publicar esta Resolución na páxina web.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.